



## MINISTERIO TRANSFORMACIÓN DIXITAL E FUNCIÓN PÚBLICA

MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DA ADMÓN XERAL DEL ESTADO, (Art.36.3 TREBEP)

19/12/2024

O xoves 19 de decembro tivo lugar unha xuntanza da Mesa Xeral de Negociación da AXE (Art. 36.3 TREBEP). Estivo presidida por la Secretaria Xeral de Función Pública e a Directora Xeral de Función Pública.

Unha vez máis, foi unha xuntanza de mero trámite, que é non que se converteu a Mesa Xeral de Negociación, un lugar onde non se negocia nada de nada e amosa a inutilidade na que converteu o Goberno estes ámbitos.

Por parte da administración se nos informou que para o próximo ano 2025 porá en marcha o desenvolvemento das “areas funcionais” e un proxecto piloto de area funcional de atención a cidadanía. Isto ven recollido na “orde ministerial” sobre Planificación Extratéxica dos RRHH da Admon do Estado que ligada o RD 6/23 son obrigacións que teñen que cumprir con Europa para a liberación de fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A **CIG**, insistimos que tanto o Real de Decreto como a Orde Ministerial, Función Pública non recolleu ningunha proposta de calado formuladas pola **CIG** e polo resto de sindicatos. Que por parte da administración se nos vai presentar un “catálogo de areas funcionais” que non foi negociado nin acordamos e que Función Pública convoca unha mesa de negociación onde se presenta con “feitos consumados” dun xeito unilateral. A **CIG** deixou claro que non compartimos este xeito de actuar nin o “novo deseño” de administración que está a querer implantar este goberno.

Outro punto da orde do día desta reunión era a aprobación do **IV Plan de Igualdade**. Punto que foi retirado pola administración o ser coñecedora que ningunha das organizacións sindicais ía votar o seu favor. Dende a CIG denunciámos que non se pode plantexar un Plan de Igualdade como un acto de mero trámite. Non podemos “blanquear” un Plan de Igualdade que se quere negociar en 15 días sen ter un diagnóstico da situación actual na AXE.

Galiza, 20 de decembro do 2024